

## AULA VIRTUAL DE 4 ANOS-B



Unha ventá aberta á nosa nova aula, sede todos e todas benvidas.

### PLAN SEMANAL DA AULA VIRTUAL

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Proposta da semana.	Obradoiro "A TERRA"		Xoves de conto (mestras)	Obradoiro "A TERRA"
Contacontos de Primaria (alumnado)		Contacontos de Primaria (alumnado)		Contaconto de Primari (alumnado)
	Encontro Virtual (17-18h)			



Novas xerais e anuncios da mestra (para comunicacíons por parte das familias utilizaranse os foros correspondentes a cada bloque)



Foro de benvida.

Adiante, xa que estás aquí, entra, preséntate e saúdanos! Sé benvido. Sé benvida.



OS NOSOS TRABALLOS.

Este será o espazo para compartir, de xeito voluntario, as vosas creacións. (Tamaño máx 500kb, aconséllase ler as [instrucións para adxuntar imaxes reducidas](#) más as [instrucións para subir vídeos](#))



Foro de dúbidas.

Deixa aquí as túas preguntas (problemas coa plataforma, dúbihdas sobre as actividades ou outras cuestións).



En vista de que os nenos e nenas de Primaria se están animando a enviarnos semanalmente as súas lecturas, abrimos un novo bloque adicado en exclusiva para elas.

Acabamos de incluir as lecturas xa publicadas, pero, atentos e atentas, porque cada **LUNS** e cada **VENRES** o alumnado voluntario traerán as novas historias. Realizadas con moito agarimo por os nenos e nenas de Infantil, non podemos estar máis agradecidas pola súa colaboración!



### LOBO FEROZ

Conto narrado por Lara.



### A QUE SABE A LÚA?

Conto narrado por Martín e Mateo.



### QUEN É ESE BECHO?

Conto narrado por Pedro, de 4ºA



### GATO VERMELLO,GATO AZUL

Conto narrado por Antón.



### MAIO LONGO

Poema de Rosalía de Castro, contado por Lola.



### A GALIÑA ROXA

Conto narrado por Emma, a irmá da nosa Lara! :)



### A CEBRA CAMILA

Conto narrado por Lía



### MAX E OS SUPERHEROES

Conto narrado por Erik.



### A CASA DA MOSCA CHOSCA

Conto narrado por Lidia, Telma e Anne (aposto a que coñecedes ben a unha das lectoras!).



### UNHA PANTASMA CON ASMA

Conto narrado por Helena, Noa e Lola.



Conto narrado por Carolina.

## A TERRA



Con motivo da celebración do **Día da Terra**, o Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela comparte connosco uns interasantísimos recursos que vos iremos deixando por aquí.

O Día da Terra celébrase cada 22 de abril, dende o ano 1970, para axudar a que se recoñeza a necesidade de preservar o noso planeta. Foi impulsado polo senador dos Estados Unidos Gaylord Nelson, quen quedou profundamente marcado pola lectura da marabillosa obra *Primavera Silenciosa*, de Rachel Carlson, que fala sobre os perigosos efectos dos pesticidas nos ecosistemas. O apoio que recibiu por parte do estudiantado universitario foi clave para que as clases políticas escitasen a súa mensaxe.

Hoxe máis que nunca, quizais, temos nas nosas mans recomezar cos coidados a este planeta ÚNICO.

Agardamos que estes pequenos obradoiros axuden aos adultos do futuro a admiralo un pouquiño máis!

USC mhn  
MUSEO DE HISTORIA NATURAL  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# OBRADOIROS PARA O CONFINAMENTO

Estes días poden chegar a ser moi complicados, en especial para os más pequenos das casas. Desde o Museo de Historia Natural da USC queremos aportar a nosa colaboración e presentar estes obradoiros para o confinamento dirixidos aos nenos e nenas da familia. Cada publicación contén unha actividade manual, unha ficha informativa e preguntas sobre o tema a tratar.

Animarte a participar? Queremos ver os vossos traballos! Podes enviarlos a [visitas.museohistorianatural@usc.es](mailto:visitas.museohistorianatural@usc.es) ou etiquetámos nos redes sociais para que os poidamos compartir.

[www.usc.es/museohn](http://www.usc.es/museohn) [@mhnusc](#) [/mhnusc](#) [@mhnusc](#) [@Synthender](#)

Non esquezades que se tamén enviades os traballos a: [visitas.museohistorianatural@usc.es](mailto:visitas.museohistorianatural@usc.es) ou ás redes sociais do museo (coa privacidade en público para que as podan ver e compartir) **entraredes no sorteo mensual dun**

Estes premios serán entregados na reapertura do Museo e farase un sorteo mensual entre cada traballo recibido: é dicir, por cada unha enviada, áñda que sexan da mesma persoa, unha nova oportunidade.

Moita sorte a todos e todas!



Actividade 1: Os caracois



Actividade 2: Plastilina biodegradable



Actividade 3: A mazá e a suciedade



Actividade 4: Pintura de mans biodegradable



Actividade 5: Pegadas



Actividade 6: E ti, de quen vés sendo?



Actividade 7: Tres en raia



Actividade 8: A vela infinita



Actividade 9: O Volcán



Actividade 10: O desxeo



Actividade 11: As plantas



Actividade 12: As miñocas



Actividade 13: As charcas



Actividade 14: Aves mosquiteiras



Actividade 15: A densidade




Actividade 16: Ovo saltarín



Actividade 17: Unha augamar perigosa

## Semana 9



### CONTO VIAXEIRO

E, por fin, alégrame e emocióname poder compartir con todos e todas vós este **broche final de luxo**, agardo, se convierta nun pequeno tesouro que este confinamento nos deixou.



## IMPRIMIBLES VERÁN



### LECTOESCRITURA

Actividades impresas para traballar o recoñecemento e trazado das letras (vogais e primeiras consonantes).



### LÓXICO-MATEMÁTICA

Actividades impresas para traballar conceptos matemáticos (números, formas, seriacións...).

## XOVES DE CONTO

E, hoxe 23 de abril DÍA DO LIBRO, estreamos a nosa nova sección: [Os xoves de conto.](#)

Cada xoves, un novo conto na vosa aula. Agardamos que vos gusten!



Por certo, na [web do cole](#) hai unha sorpresiña montada con tódalas vosas achegas para o Día do L espero que vos guste!

E non esquezades visitar de vez en cando o noso recén estrenado blog de Biblio Furelo, por aquí ve deixo o enlace: <https://furelole.blogspot.com/> Estarei encantada de recibir as vosas recomendacións a sección: E TI, QUE LES? Animádevos!



[Foro dos xoves de conto.](#)



[PEPO Y ESTELA](#)

A mestra de 3 anos-B, María José, cóntanos o conto de *Pepo y Estela*.



[Proverbio](#)

A profe Pili, de 3 anos-A, tráenos unha historia popular da tradición rusa para seguir celebrar o Día da Nai, seguro que coñecedes estas bonecas.



### A TARTARUGA QUE QUERÍA DURMIR

A profe Mercedes cóntanos o conto da tartaruga que quería durmir. Desfrutádeo!



### OS CHIBOS CHIBÓNS

Como mañán é día festivo, o conto dos xoves esta semana publícase o mércores! A nosa mestra veciña, Pili Souto, vén a contarnos hoxe un conto que é sempre un éxito asegurado. Escoitade con atención a historia dos Chibos Chibóns.



### O MOUCHO ABURRIDO

Nesta ocasión, a profe Pili, titora de 5 anos-B cóntanos a historia do moucho aburrido. Que lle pasará a este mouchiño?



### LOBO FEROZ

A profe Chus fainos chegar a sesión de contacontos dende o seu salón. Non vola perdades!



### PERDIDO?

Desta volta sí que sí, seguro que os nenos e nenas desta aula estaban agardando a esta mestra. Espero que vos guste a historia deste pingüín!

## Semana 8



### Psicomotricidade IV

Novas propostas da profe Mercedes para activar o corpo.



### Valores III

Novas propostas da profe Mercedes para traballar as emocións.



### PEQUE CHEFS

Esta semana continuamos a nosa aventura culinaria para ir completando o menú:

Bo proveito!



### 2º PRATO

Esta semana prepararemos: AGUACATES recheos!

## DÍA MUNDIAL DOS OCÉANOS (8 de xuño).

### ACTIVIDADE 1: Visualización do tráiler do documental da BBC *Blue Planet II*:

- Cantos animais podes nomear?
- Con axuda, pon o nome dos que lembras trala visualización e debúxaos.
- Se algún deles che gusta especialmente, busca información e fai un mini-libro sobre el: onde habita?, que come?, como se reproduce?, está en perigo de extinción?...


### ACTIVIDADE 2: Visualización do vídeo:

- Vídeo para os nenos e nenas:

- Vídeo para vós, adultos, porque somos os primeiros e primeiras responsables:
- Falamos dos problemas que afectan aos nosos mares e océanos, e de como as nosas accións poden ou non contribuir aos mesmos. Que solucións se vos ocorreren para mellorar a situación? Se temos algún ou algunha "activista" no grupo, podemos animalo ou animala a elaborar un cartel para compartir no foro.



### ACTIVIDADE 3: Como extra, para seguir descubrindo aventuras no fondo do océano, deixámosvos o enlace á película de animación española *Deep* (grazas Nico por falarnos dela!):





## LÓXICO-MATEMÁTICA


Seguimos coa temática oceánica, pero agora imos contar un pouquiño. Podedes usar o rotulador para rodear, ou recortar as tarxetas e usar pinzas da roupa para colocar no oco correspondente (traballando así tamén a psicomotricidade fina).



### CONTAMOS OS ANIMAIS DO OCÉANO

Imprime, recorta as tarxetas e usa pinzas da roupa para marcar o número, ou rodea co rotulador.


## Semana 7



## CREATIVIDADE

ACTIVIDADE: Debuxamos seres fantásticos- monstros.

Invitámosvos a facer a adaptación dunha proposta do pintor e ilustrador Hervé Tullet: **O dado máxic** que aparece no seu libro *Diviértete - Talleres de arte con Hervé Tullet*.



1º Necesitamos un folio onde debuxamos unha única e enorme figura: pode ser un círculo, un cadraxo ou un blop...



6º Agora tocan as **PERNAS**, tira outra vez!

7º Quédannos as **ORELLAS**, será 1, 2 ou 6?, tira o dado e vas ver!

8º Só queda o **PELO**:

- Se sae 1 ou 2 pouco pelo lle porás.
- Se sae 3 ou 4 a cantidade será normal.
- Con 5 ou 6 moito pelo has debuxar, liso ou rizo, dános igual!

9º Xa tedes o voso monstro rematado! Querédelo pintar?

10º Agora cada artista xa ten unha personaxe, é o momento de inventarlle un nome, un mundo e un historia: onde está?, quenes son a súa familia e amigos?, onde vive?, ten coche ou como viaxa?... Imaxinación ao poder!



### Dados para montar

Aquí vos deixamos as plantillas de diversos dados para que tamén poidades construílos e ve as súas características.



### I'm a BLOP!

Vídeo para entender un pouco mellor a idea do *blop*.



### PEQUE CHEFS

A cociña pode ser un dos espazos máis divertidos da casa, un lugar cheo de elementos e obxectos cos que experimentar e ampliar as nosas capacidades e coñecementos.

Recentemente, o noso admirado pedagogo italiano, [Francesco Tonucci](#) invitábanos, durante este confinamento, a utilizala cos cativos como un verdadeiro "laboratorio" no que compartir aprendizaxes. Pois ben, imos ver que tal se nos dá isto de elaborar un menú.  
BO PROVEITO!



### PEQUE CHEFS

Accede neste documento á proposta de cociña.



### Calendario mes de de xuño

Plantilla do mes de xuño.



### Repasamos as vogais

Actividade virtual para un pequeno repaso das vogais.



A iniciativa do Día Internacional do Xogo naceu dende a Asociación Internacional de Ludotecas, en Dende entón, celébrase, cada 28 de maio, nuns 40 países arredor de todo o mundo.

---

XOGAR é unha actividade universal convertida en DEREITO. XOGAR é o principal medio do que nos e nenas dispoñen para explorar e asimilar a súa cultura, o seu mundo. XOGAR é algo que debería facerse sempre, porque XOGAR é unha poderosa ferramenta de liberación e reconexión coa nosa esencia.

XOGAR permítenos ser espontáneos, aprender, gañar, perder... XOGAR é un potente recurso para alimentar as nosas emocións e as nosas relacións.

XOGAR é o lugar onde se mesturan pensamento, linguaxe e fantasía. XOGAR é o lugar ao que acudimos sempre que o sorriso esvaeza.

---

Nun día coma hoxe quixeramos propoñervos unha sesión de **XOGO EN FAMILIA**. Gustaríanos que nais, avós, avoas... fagades memoria e lembredes todos aqueles xogos que desfrutastes na vosa infancia:

A buxaina, o pano, a pita cega, a corda, os zancos, a mariola, as chapas, a goma, as sillas musicais, cartas, os chinos (con pedras), o brilé, as carreiras de sacos, o teléfono estropeado, o pase misí, Ar pirulero, e un longo etcétera.

Escollede algúns deses xogos, ensináddello aos e ás peques e... A XOGAR!!!

Non subestimedes o poder desta tarefa, sabede que O XOGO É ALGO MOI SERIO.

A que xogamos?

## Semana 6



### Psicomotricidade III

Grazas á profe Mercedes, traemos novas propostas para seguir movendo o corpo.



### Emocións II

Propostas da profe Mercedes para o alumnado de Atención Educativa para continuar co traballo das emocións.



## LETROS GALEGAS

Visualizar o conto e, posteriormente, realizar un debuxo sobre o mesmo.



### **CONTACONTOS PRIMARIA**

Pedro, de 4ºA, cónтанos esta semana: *Quen é ese becho?*



### **QUEN É ESE BECHO?**

Conto narrado por Pedro, alumno de 4ºA



### **FASE 2**

Para ir habituándonos ao complemento que formará parte de moitas das nosas rutinas, a profe María José, de 3 anos B, compártenos este material que elaborou para traballar coas mascarillas:



### **Actividades Mascarilla**

## **Semana 5**



### **MEDIO SOCIAL**

#### **ACTIVIDADE 1: Árbore xenealóxica da miña FAMILIA.**

Axudándonos de fotos previamente seleccionadas ou debuxos realizados polos nenos e nenas elaboraremos a árbore xenealóxica da nosa familia, partindo dos peques -como protagonistas- e incara arriba, a ver ata onde podedes chegar.

O formato é libre: podedes empregar folios, cartolinas, papel de embalar, cartón, tapóns...

Elaboraremos para os membros más próximos as tarxetas cos seus nomes e relacións de parentesco para que os nenos e as nenas os poidan colocar a modo de xogo (como na actividade da Semana 3).

Aproveitaremos esta actividade para traballar "visualmente" as relacións de parentesco. Aínda que incluades a tódolos membros na actividade plástica, sí o podedes facer oralmente, sinalando o luga ocuparían: os irmáns e as irmás de papá e mamá son os meus tíos e tías, os seus fillos e fillas son meus primos e primas, etc.



## ARTE E LÓXICA


ACTIVIDADE 1: Paul Klee e as figuras xeométricas.

1.1 Coñecemeos ao autor:

Paul Klee (1879-1940), pintor de orixe alemán nado en Suiza, ademais de ser un gran pintor expresionista, foi profesor de Música. Gustaba moito de pintar con moitas CORES e FIGURAS xeométricas. Podedes ver máis obras súas neste enlace:

<https://www.wikiart.org/es/paul-klee/all-works#!#filterName:all-paintings-chronologically,resultType:masonry>

1.2. Observamos o seguinte cadro e traballamos sobre el:



- Que é o que ves no cadro? Se podes, escríbelo.
- Observa, conta e responde:
  - o Cantas persoas ou animais veñen a bailar? cantas son maiores, adultas? cantas son pequenos? cantas animais han de bailar? que pensas que están facendo?
  - o Cantos círculos hai? cantos cadras? cantos triángulos? cantos rectángulos? Podes escribilos e debuxalos e poña un número.
- Se aínda non o fixeches, busca pola casa obxectos e clasificaos por súa forma.
- Como crees que se chama este cadro? Cal sería o seu título na túa opinión?
- O cadro titúlase: *Bailando por mí*, de Paul Klee, 1938. Conta ou escribe o que pasa no cuadro e a que e por que teñel medo.

unha pataca ou calquei obxecto coas diferentes formas, agora podes estampar se tes pintura na casa.



### **CONTACONTOS PRIMARIA**

Esta semana, Martín e Mateo cóntannos: *A que sabe a Lúa?*, de Michael Grejniec. Grazas rapaces!



### **A QUE SABE A LÚA?**

Conto narrado por Martín e Mateo.

### **LETRAS GALEGAS**

Non vos perdades a interesantísima proposta que vimos de publicar no blog Biblio Furelo para importante celebración desta semana:

**AS NOSAS LETRAS** están de festa e nós podemos festexar con elas dende hoxe mesmo!

Grazas á Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago agárdannos 5 días de diferentes actividades culturais para todos os gustos.

Animádevos a participar!

E... como queremos que o noso blog medre en visitas, vouvos a deixar aquí o enlace ao artigo con información ;) Picade na imaxe para acceder:



# Biblio Furelo

O teu recuncho de lectura no  
CEIP Ramón Cabanillas

E por aquí vos deixamos unha actividade LIM elaborada polo Seminario Galán



### MEDIO NATURAL, CULTURA E LÓXICO-MATEMÁTICA

Este ano a chegada da **Primavera** pillounos na casa, pero agora que xa podemos saír un pouquiño día queremos propoñervos un traballiño para que aproveitedes ese tempo de ocio e vos acheguede voso medio natural máis próximo.

**ACTIVIDADE 1:** Esta vez a cousa vai de **FLORES**. Gustaríanos saber con que especies vos atopad nas vosas saídas. Para iso, propoñemos:

1. Facer unha foto das diferentes flores que atopedes nas saídas.
2. Xa na casa, axudalos e axudalas a buscar o seu nome nunha guía ([virtual1](#), [virtual2](#) ou nalgún libro, se tedes)
3. Debuxar a flor nunha ficha (tedes abaixo un  [posible modelo](#)) e poñerlle o nome. Aproveitade es tarefa para traballar a descripción e diferentes conceptos, como: cores, tamaños, texturas...

\*IDEA: Esta actividade pode continuarse durante todo o ano e coas fichas podedes elaborar o voso propio inventario de flores. Mesmo podedes facer un índice por estacións se vos decidides a facelo.

**ACTIVIDADE 2:** Elaboración dun MAIO.

2.1 Falámoslles aos nenos e nenas de como os nosos ancestros celebraban o final do inverno: a [Fe dos Maios](#). Vemos imaxes dalgún Maio na rede.

2.2 Recollemos diferentes elementos naturais no exterior: follas, flores, herbas, etc.

- CLASIFICÁMOLOS.




Fonte da imaxe: [Elternvommars](#)

- Facemos SERIES (comezando con pautas sinxelas e complicando segundo o ritmo de cada quen)



Fonte da imaxe: Coffe Cups and Crayons

- CONSTRUIMOS libremente e, tamén, xogando coas SIMETRÍAS.



Fonte da imaxe: The imagination tree

2.3 Sobre un cartón ou papel elaboramos o noso Maio co título “BENVIDA PRIMAVERA”. Se temos posibilidade, podemos colocalo na ventá.



Modelo ficha flores

Modelo opcional da actividade 1.3



### LÓXICO-MATEMÁTICA

ACTIVIDADE: Safari Matemático.

Cunha cámara de fotos, ou coa cámara do móvil, buscaremos pola nosa casa onde se agochan as matemáticas:

1. Onde hai números?, para que serven?, cal é a función nese lugar ou elemento?, que pasaría se non estivesen aí?

Podemos ir facendo as fotos a medida que os atopamos ou darlle a volta ao xogo e preparar nós as fotos para que os e as peques teñan que localizalas.

2. Que formas xeométricas podemos atopar (círculo, triángulo, cadrado, rectángulo...)?,



## CONTACONTOS PRIMARIA

Esta semana comezámola cunha sorpresa que agardamos se poida repetir máis veces. Dende que comezou o mes de marzo, cada semana os nenos e nenas de Primaria voluntarios acudían á nosa aula a lernos un conto despois do recreo. Pois ben, a medida que o alumnado de Primaria se anime, iremos subindo os contos que prepararán con moito mimo para todos e todas vós.

Comezamos con Lara, que nos contará hoxe: *Lobo Feroz. Desfrutádeo!*



Conto narrado por: Lara.

## **Semana 3**



[Calendario do mes de maio](#)

Plantilla para o mes de maio. Escribimos cada día o seu número, vemos o tempo que vai, rexistramos emocións... Uso 100% personalizable!



[Psicomotricidade II](#)

A mestra Mercedes déixanos novas ideas para seguir movendo o esqueleto.



[Valores](#)

A mestra Mercedes achéganos algúns recursos dos que leva a cabo nas súas aulas de Atención Educativa (alternativa á Relixión).



## LECTOESCRITURA

Esta semana vimos con unha proposta que podedes ampliar, reducir ou personalizar ao voso antollo. Só vos daremos a idea -do más sinxela- e, entre os peques e vós iredes seleccionando os elementos que queirades, dacordo? Atentos e atentas:

### ACTIVIDADE 1: ¿Cal é o seu nome?

A actividade consiste en emparellar obxectos co seu nome. Isto axudaranos a mellorar aquel indicador que aparecía no boletín do 2º trimestre: "Asocia palabras ao seu significado".

Ao escribillas, palmeamos as sílabas que ten cada unha, para contalas e para que o neno ou nena nos axude a anticipar que letras haberá que ir colocando (principalmente as vogais).

3º "Lemos" con axuda as palabras das tarxetas e ímolas colocando a carón de cada obxecto. Fixámonos na primeira letra, na última, nas palabras que coñecemos que comezan ou rematan igual...

4º Mesturamos as tarxetas de novo e cambiamos os obxectos de posición. Tentamos que o neno ou nena consiga colocalas no lugar correcto. Podemos axudar coa lectura, pero non adiantarnos. Non insistimos nos erros, premiamos os acertos.



(ímaxes obtidas da conta de IG @viajandoenglobo)

Esta actividade podería facerse tamén con fotos e nomes de persoas da familia ou amigos e amigas.

\*Ao respecto deste tema, infórmovos de que na aula traballamos ata o momento:

- vogais maiúsculas e minúsculas.
- primeiras consonantes. Cando comezou o confinamento estabamos a traballar co "P". Tamén introducimos o L, o M, o S.

Isto non quere dicir que só aprendemos estas de cada vez, pois no día a día, traballamos con todas de xeito natural, ao facer o calendario, ao ver quen é encargado, ao preparar as rutinas de cada día, etc. É importante respectar o ritmo de cada neno ou nena e non forzalos neste tipo de traballo. Debemos procurar sempre que sexa unha actividade agradable na que se sintan seguros e respectados. Por iso é importante partir do que saben e, pouco a pouco, ir introducindo novos pasos, a medida que eles e elas mesmas o demanden.

como modelo de corrección unha vez lograron escribíllas á súa maneira (e, ollo, aclaro que escribíllas “á súa maneira”, teña os errores que teña, é FANTÁSTICO como comezo deste proceso).



## Semana 2



### Conto para saír á rúa

Deixámossos unha pequena historia para axudarvos a enfocar esta nova forma de saír á rúa  
Fagamos as cousas ben!




### Calendario do mes de MAIO

Xa podedes descargar a plantilla para o mes de maio.

#### NOVO VÍDEO DO COLE:

Os nenos de 2ºA ensínannos a tomar as medidas precisas para facer unhas saídas seguras, non volo perdades! Podedes velos neste enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas/?q=node/1262>



#### O CINE

Nesta semana seguimos co noso proxecto e temos para vós outro par de propostas:

**1ª ACTIVIDADE:** Falaremos das nosas pelis favoritas, por que nos gustan?, como nos fan sentir?, cal é a nosa personaxe preferida? Podedes escribir o título e o nome.

Despois, cos recursos que teñamos na casa trataremos de converternos nesa personaxe que escollemos, representando o cartel da película ou algunha escena da mesma. Sería xenial que poidedes facer unha foto para compartila no foro *Os nossos traballos ao longo da semana*. Se non tedes a posibilidade, tamén podedes representala cun debuxo.

**2ª ACTIVIDADE:** Que tipos de pelis hai? Sabemos que hai pelis para maiores, pelis para nenos e nenas, pelis para rir, pelis para chorar, pelis para agocharse de medo... e tamén

tipo de personaxes todos os nenos e nenas de Infantil faremos unha montaxe da que será a nosa super-peli. Agardamos que todos e todas poidades participar :) -PODEDES ENVIALAS AO MEU CORREO ELECTRÓNICO-



## ARTE

A partires desta semana os peques xa poden saír á rúa, mais só unha horiña, para ir comprobando como resulta a medida. Foron moitos os días que estivemos mirando pola ventá e facendo as ganas de poder pisar verde e asfalto de novo... E seguro nos saberá a pouco esa horiña de concesión, mais, algo é algo! Fagámolo ben para que cada vez poidan ser máis.

Isto de tanto mirar pola ventá lembrounos algo bonito: a obra de Salvador Dalí "*La noia en la finestra*" (moza na ventá). Animámosvos a que busquedes o cadro e o observedes: gústavos?, que estará facendo esa moza?, quen será?, por que está mirando pola ventá?, que estará vendo?, estará escoitando algo?, como se sentirá?

Podedes velo aquí: <https://www.museoreinasofia.es/colección/obra/figura-finestra-figura-ventana>

Tamén podemos aproveitar para coñecer un pouco mellor a ese creador tan excéntrico coma fantástico que pintou o cadro: como se chamaba?, como era?

Agora tócameis a vos, asomádevos á vosa ventá. Estades? Ben, observade con detemento todo o que vedes... Hai algo novo? Algo cambiou? Que vedes?... Gustaríanos coñecer as vosas vistas, podedes debuxalo? Ou quizais facer unha pequena listaxe tratando de escribir o nome dalgún elemento? (sen corrixir os erros, por favor, respectando a etapa na que se atope cada neno ou nena).

Animádevos a compartir a visión de cada un (serve tanto unha paisaxe, coma un obxecto que lles chame a atención, coma o que veña á súa imaxinación).

## Semana 1



### Calendario abril

Como cada día faciamos na aula, sería unha boa idea que ao comezar pola mañá mantívésemos a rutina do calendario, onde iremos colocando cada número despois de ver un almanaque que teñades pola casa. Trátase de que vaian sendo conscientes do paso do tempo e repasando os números, os días da semana, os meses... Aqueles e aquelas que xa se vexa más capaces poden ir engadindo, ademais, o nome de cada día ou o tempo atmosférico que fai (cun debuxo simple). Este último dato permitiranos facer un reconto ao finalizar o mes dos días que choveu, os días que fixo sol, que semana foi a más chuviosa, etc.

En ocasións, tamén podemos ir sinalando feitos pasados e futuros, introducindo así os conceptos de *hoxe-onte-mañán*, etc.

Esta é unha plantilla posible, pero podedes deseñar outra ao voso gusto, por suposto.



### Psicomotricidade

## **PROXECTO DO CINE**

Como sabedes o proxecto deste ano no cole xiraba arredor do CINE. Por iso, dende o equipo de infantil vos faremos chegar diversas propostas con esta temática.

Hoxe comezamos con dúas ben sinxelas:

1. Todas as grandes actrices e actores de cine teñen unha estrela no paseo da fama, por que non facemos a nosa?



Para elo debuxamos unha estrella de cinco puntas e recortámola. No interior poñemos unha foto ou debuxo de cada un de nós e escribimos o noso nome. Podedes decorala e facela brillar cos recursos dos que dispoñades na casa.

2. Agora, igual ca eses actores e actrices de renome estampan as súas mans na rúa, podemos facelo nós nun folio, pintando as nosas mans e deixando a pegada no mesmo. Incluiremos tamén o noso nome.